



**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO
CONCELLO O DIA VINTECINCO DE MARZO DE DOUS MIL QUINCE**

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA

Dona María Loureiro García (PSd G-PSOE)

CONCELLEIROS

D. Jesús Antonio Fernández Cal, PSde G-PSOE

D^a. María Isabel Rodríguez López(PSde G-PSOE

D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro(PSde G-PSOE

D^a. Covadonga Viamonte Aguiar(PSde G-PSOE

D. Vicente Hermida Rodríguez (PSdG-PSOE)

D. Antonio José Bouza Rodil, (P.P.)

D. Celestino Valentín García Paz, (P.P.)

D^a. María de Carmen Gueimunde Gonzalez, (P.P)

D^a. María Jesús Vale López (PP)

D. Bernardo José Fraga Galdo, BNG

D. Manuel Galdo Dopico, BNG

D^a. Olaia Casas Chavez, (BNG)

D. Guillermo Leal Arias, IVI

D. Jesús Fernández Fernández, IVI

SECRETARIA ACCIDENTAL

D^a. Fátima Moar Rivera

NON ASISTE, INTERVENTORA

D^a. Rosa Abelleira Fernández

Interventora por acumulación.

EXCUSAN

D. Jaime Eduardo de Olano Vela, Concelleiro do PP.

D^a. Cándida Mendez Salgado (P.P.)

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vintecinco de marzo de dous mil quince, baixo a Presidencia da Sr^a. Alcaldesa, Dona María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como da secretaria accidental, D^a. Fátima Moar Rivera, que substitúe, celébrase sesión extraordinaria urxente do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Aberta a sesión e declarada pública pola Sr^a. Alcaldesa-Presidenta á hora indicada previa comprobación pola Sr^a. Secretaria accidental do quórum de asistencia legalmente esixido para a válida celebración da sesión do Pleno do Concello, nos termos establecidos no artigo 113.1c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo R.D. 2568/1986, de 20 de novembro, a Presidencia procede ao tratamento do único asunto contido na Orde do Día.



1º.- RATIFICACION DA URXENCIA DA SESION.

Pola Sra. Alcaldesa, Dona María Loureiro García dase conta de que, de conformidade co disposto no artigo 46.2,b) da lei de Bases de Réximen Local, a convocatira dunha sesión deste carácter deberá ser ratificada polo Pleno; igualmente, o artigo 79 do Regulamento de Organización das Entidades Locais, debendo incluírse como primer punto na orde do día o pronunciamento do Pleno sobre a urxencia.

A continuación, pola Sra. Alcaldesa-Presidenta xustifícase a urxencia da sesión para solidarizarse cos traballadores de Vestas dado a urxencia para prestar apoio á plantilla de Vestas pendentes de expediente de regulación de emprego.

Sometido a declaración de urxencia, a votación por unanimidades dos membros asistentes da Corporación, declárase a urxencia da sesión convocada.

2º.- AMOSAR O APOIO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE VIVEIRO, AS TRABALLADORAS E TRABALLADORES DE VESTAS, E O REXEITAMENTO DOS DOUS ERE PROPOSTOS POLA EMPRESA.

Pola Sra. Alcaldesa Dona María Loureiro García dase conta ao Pleno do escrito do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Viveiro solicitando un Pleno extraordinario-Urxente co fin de amosar o apoio da Corporación Municipal de Viveiro ás traballadoras e traballadores de Vestas, e o rexeitamento dos dous ERE propostos pola Empresa para que explicaran e ter coñecemento, de primeira mán, dos inicios das negociacións que diron comenzo o luns. Indica que este é o motivo da sesión e que xa, por parte do Goberno Municipal, fai unha hora, tiveron unha reunión co Comité da Empresa de Vestas para falar dos inicios da negociación que xa deron comenzo o pasado luns. Engade que tanto o Gobeno municipal como o Partido Socialista apoiamos aos traballadores de Vestas Nacelles Spain SA ubicada en Viveiro-Chavín, e xa no seu momento, parte desta Corporación Municipal e da anterior Corporación acollimos unha responsabilidade e estamos imputados por manter os postos de traballo, e xa dimos todo o noso apoio para que se mantiveran todos os postos dos traballadores e traballadoras de Vestas. Continúa dicindo que, evidentemente, a noticia da semana pasada foi un mazazo que anunciaban un ERE de 54 expedientes de extinción, e 96 restantes de suspensión perante seis meses, dos 150 traballadores que a Empresa de Aereoxeneradores pretende aplicar. Indica que, loxicamente, o Goberno Municipal, vai apoiar ós traballadores e vamos a facer todo o que sexa conxuntamente co Comité de Empresa, e que antes de ceder a palabra ó Sr. Concelleiro do Partido Popular Sr. Bouza Rodil, quere facer constar que os membros do Goberno municipal van renunciar ás dietas desta sesión plenaria.

Intervén seguidamente D. Antonio J. Bouza Rodil, Voceiro do Partido Popular para dicir que o seu Grupo Municipal tamén renuncia ás dietas establecidas por asistencia a esta sesión, e xa entrando no tema di: que o seu Grupo vai apoiar ós traballadores de Vestas nas súas reivindicacións e que xa tiveron reunións co representante do Comité Sr. Julio e non contentos con isto, trasladei a nosa preocupación ao Sr. Balseiro, Deputado do Partido Popular por Lugo, e a nosa representante na Deputación Provincial, e na reunión co Comité vamos prestar todo o noso apoio desde o Grupo Municipal Popular xa que queremos traballo para Viveiro e queremos que todos os traballadores se poidan incorporar ós seus postos de traballo e queremos que a empresa Vestas Nacelles Spain



SA sega en Viveiro. E xa comentaba fai un pouco que vamos ter as reunións precisas co Comité e membros da Xunta para manter estes postos.

A continuación, Intervén D. Bernardo José Fraga Galdo, Voceiro do Grupo Municipal do BNG, e desexa que conste en acta a renuncia de todos os membros do seu Grupo ás dietas establecidas nesta sesión.

Seguidamente, ven en facer fincapé na necesidade da convocatoria deste Pleno que solicitaron á Alcaldía para solidarizarse cos traballadores da Empresa Vestas Nacelles Spain SA en Viveiro-Chavín, e ven en indicar que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, ven en reivindicar e solicitar que, por parte do Goberno Municipal Socialista, se implique totalmente neste asunto, aínda que haxa outros motivos e moito apuro polos acontecementos que vamos a vivir como é a Semana Santa, hai que implicarse totalmente desde o Goberno para evitar que desaparezan os postos de traballo, sendo unha necesidade imperiosa para Viveiro, e non podemos deixar pasar unha oportunidade como brindou esta Empresa de Vestas Nacelles de crear 150 postos de traballo. Viveiro necesita postos de traballo e xa temos ós xóvenes emigrando e nos outros queremos traballar e vivir na propia terra. Non podemos permitirnos este tipo de luxo como están as cousas, e o que lle pido ao Equipo de Goberno é a loita e defensa dos postos de traballo desta Empresa.

Seguidamente, e con respecto ao Partido Popular, entendemos que o Grupo municipal Popular préstese o seu apoio ós traballadores de Vestas, pero notamos en falta o apoio da Xunta de Galicia que é a que ten que dar o seu apoio como Institución que representa a todos os Galegos e a todas as Galegas. Vostedes acaban de repartir un panfleto unha foto co Señor Alberto Nuñez Feijóo nas instalacións de Vestas Nacelles Spais de Chavín, que anunciaba mil (1.000) postos de traballo. Unha das tres mellores factorías, naquel intre en Galicia, con un concurso eólico que despois rexeitarono e que despois anulárono. Aquí queda o exemplo da política económica e a política laboral do Goberno do Partido Popular. Si este é o exemplo..., Agora que hai problemas ¿Onde está o Goberno da Xunta de Galicia?.. Non vale que veñan mañá a visitar o Comité de Empresa..., Nós, tamén o fixemos e reivindicamos no Parlamento Galego pero os trámites tardan. O Goberno ten que implicarse, reunirse coa Empresa e reunirse cos traballadores e buscar unha solución. Vestas recibiu unha subvención de 300.000 Euros por parte do IGAPE no seu momento determinado, e a Xunta de Galicia ten que velar por ese diñeiro público que se da a unha empresa para que oferte postos de traballo.. Hai que velar porque ese diñeiro non serva para nada como estamos vendo en moitos casos. A Política do Partido Popular no Estado Español ten consecuencias, O Goberno do Partido Popular, o Goberno de Rajoy no ano 2012 asestou un recorte no que indicaba a supresión das axudas ás enerxías renovables e acabar co incremento continuo de déficit de tarifa, 3.000 millóns en recortes que teñen consecuencias nas renovables, nos postos de traballo e no Estado Español.. Ademais outra das responsabilidades que o Goberno da Xunta ten, son as infraestructuras, nós, Viveiro, a Mariña segue sin infraestructuras, e as infraestructuras, as grandes multinacionais que temos que soportar neste intre, desgraciadamente porque non temos sistemas productivos propios, pois, pensarmos que non temos servizos que ofrecer. Temos un país e un sistema productivo absolutamente reventado, e si a Xunta de Galica non vela e non traballa para que ese sistema productivo que hai escaso, polo menos aínda que non aumente se manteña. Ese sistema productivos, do capital, apoiado polo partido popular, coas multinacionais que non teñen escrúpulos nin teñen, en absoluto, corazón. Neste momento temos que facer a forza necesaria, e os que teñen mais forza, buscar a maneira e darlle unha solución á Empresa Vestas, xa que senón



será un dano enorme para a economía de moitas familias e en xeral para o pobo de Viveiro.

A continuación, intervén o voceiro do Grupo Municipal de Independentes de Viveiro, D.Guillermo Leal Arias, para manifestar que o seu grupo tamén renuncia ás dietas, e quer recordar desde este Salón de Plenos á Corporación anterior co falecido Alcalde, Sr.Melchor, e José Antonio Goás, (Mitas) a quen esta vendo presentes na sesión Plenaria e a exconcelleiros que, no seu momento, e vivindo unha situación similar á presente, e personados no Concello os respresentantes desta Empresa de Vestas Nacelles Spain SA, tivemos que tomar decisións bastante “arriesgadas” para conseguir “Un compromiso” para manter os postos de traballo en Viveiro. Este compromiso se adquiriu cun representante da Empresa, un pouco “fantasma” e unha avogada que representa a empresa, que tamén lembraredes que nunca fala claro. Dican que non saben si os “daneses” son virtuais.., Nunca os vemos, non entenden o galego, non entenden o castelán, e dican que non se lle entende o ingles porque aquí non veñen e é unha problemática que temos.

Continúa dicindo que, por desgracia, estamos a falar de 150 familias que gastan en Viveiro e que son fundamentais para a economía de Viveiro. Loxicamente este Comité de Empresa, vai ter sempre o noso apoio de todos os representantes municipais, e xa o demostramos anteriormente, polo que estamos imputados nesta ampliación e aínda non esta pechado o tema, pero non importa, volvemos a apoiar e reivindicar “os postos de traballo” para Viveiro.

O que sí, no tema das infraestructuras hai que cambialas, que non temos as comunicacións que teriamos que ter e que somos os últimos de Galicia en temas de comunicacións. Nin sequera se ampliou a ponte de Chavín e houbo que cambiar o sistema. Non se fan inversións en Viveiro. A carretera que se aprobou dun proxecto en Magazos tamén é virtual, e é o que temos, e moitas destas circunstancias dan estas situacións a vivir agora, por non ter as comunicacións que temos que ter. Ante todo iso, solicitamos que o Grupo Municipal do Partido Popular, aproveitando que veñen representantes da Xunta a Viveiro, traslade dunha vez por todas, “e por favor”, ao Goberno do Partido Popular de Galiza esta petición de que, se centren nas infraestructuras de Viveiro e na zona da Mariña para que poidamos ser competitivos, e coas empresas que temos, si aínda así, son competitivas, imaxinaros si chegáramos a ter as infraestructuras que nos corresponden coa máx de obra que temos...

Seguidamente, intervén novamente a Sra.Alcaldesa Dona María Loureiro García, do PSdG-PSOE, para dicir que respecto á implicación que do Goberno Municipal solicita o representante do BNG Sr.Bernardo Fraga, teño que facer fincapé, do que xa ben dixo o Concelleiro, representante do IVI Sr. Leal Arias, que xa coa Corporación anterior, que era o Alcalde o Sr. Roel Rivas, do PSdG-PSOE, na Comisión de Goberno, outorgouse unha licenza e a Corporación inplícouse no outorgamento da ampliación da Empresa de Vestas Nacelles coa finalidade de manter os postos de traballo, xa que tiñamos ameazas de que, no contrario, terian que marcharse de Viveiro. Teño que dicir que, xa naquel intre,.. demostramos e actuamos pola loita dos postos de traballo e regulamos os terreos de Vestas, e nesta liña vamos a seguir co empeño de manter os postos dos traballadores e traballadoras desde o Goberno Municipal.



Intervén, novamente o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular D. Antonio J. Bouza Rodil, e dí que dende o seu Grupo Municipal vai a a ter reunións cos representantes da Xunta de Galicia para que os traballadores da fábrica poidan falar e digan directamente o que está a acontecer e que o saiban de primeira man, e que non quepa a menor dúbida de que o noso Grupo vai defender os postos de traballo.

Quero lembrar tamén que a Empresa Vestas Nacelles SA está asentada en Viveiro grazas á xestión do Partido Popular, e que as persoas de Viveiro que traballan nesta empresa de Vestas, e polas xestións feitas polo Grupo Municipal do Partido Popular. Xa sabemos que temos moitas carencias, e claro que temos moitas carencias en infraestruturas, pero non pensen que vamos a facer ningunha loita partidista, nin vamos a dar aquí ningún mitín. Nós, o Grupo do Partido Popular vamos apoiar a estes traballadores e entendemos que para eso estamos .

A continuación, toma a palabra o voceiro do BNG, D. Bernardo Fraga Galdo, e quer dicir que por moitas voltas que se lle día, si o Goberno da Xunta de Galicia non trae solucións..será unha loita partidista porque é o partido popular o que goberna en Galiza..

Seguidamente, intervén novamente D. Guillermo Leal Arias, concelleiro e voceiro do IVI, e dí que as carencias que temos na Mariña é en Viveiro veñen derivadas da falta de infraestruturas, xa tivemos problemas co polígono industrial e istos son problemas que desencadenan estas circunstancias. Temos que apoiar o que temos, e que desde o Goberno da Xunta de Galicia que miren e vexan as carencias que temos na Mariña de Lugo e queremos que veñan a ver as infraestruturas que temos...Non é mirar só para Pontevedra e a Coruña, pois Lugo tamén existe...

Para rematar pola Sra. Alcaldesa dícese que xa, polo Sr. Melchor Roel, fai once anos, para dar a licenza, houbo que estruturar os terreos que estaban sin regular e xa termina dicindo que, desde o Goberno municipal, vamos a seguir dando e prestando todo o noso apoio ós traballadores da empresa Vestas Nacelles Spain SA ubicada en Viveiro-Chavín para defender os postos de traballo.

E non habendo máis asuntos de que tratar, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión sendo as vinteunha horas e trinta minutos, do día con que se encabeza esta acta, que se estende por quintuplicado exemplar, de todo o que eu, secretaria accidental, dou fe.

**Vº de Prace
A ALCALDESA**

A SECRETARIO ACCTAL